

AMIZADE

Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra

Rúa Alemaña 23, baixo.
Monte Porreiro.
36162. Pontevedra
Teléfono/fax: 986 845 250
amizade@asociacionamizade.org

www.asociacionamizade.org



Boletín impreso en papel reciclado

Non o tires ao chan; usa a papeleira



Boletín financiado por:

Krack[®]
zapaterías

Vacacións COCEMFE

Este ano podedes viaxar co Programa de Vacacións de COCEMFE e disfrutar de distintos lugares de interese.

Illas: Tenerife, Gran Canaria e Mallorca.

Praias: Cádiz, Málaga, Huelva, Xixón, Granada.

Semana Santa: Almería, Málaga, Alicante e Girona.

Balnearios: Ourense, Murcia e Cuntis.

Están dirixidas a persoas que acrediten un grao de discapacidade física ou orgánica igual ou superior ao 33 %, tendo prioridade aqueles/as que superen o 50 %.

Poderán levar acompañante as persoas que precisen de axuda para realizar actividades básicas da vida diaria.

O prazo de presentación das solicitudes é de dous meses antes da saída.

Se estades interesados/as, podedes consultar no seguinte enlace máis información dos destinos, datas e solicitudes: <http://www.cocemfe.es/vacaciones/index.php>.



O Boletín

Nº9, Marzo de 2011

Eleccións municipais

O vindeiro mes de maio terá lugar unha nova cita electoral na que toda a cidadanía ten a responsabilidade de escoller aos seus representantes; de decidir quen quere que governe os seus concellos durante os vindeiros catro anos.

Contidos:


- Novas
- Opinión
- Vidas con capacidade

Non é intención desta editorial posicionarse politicamente a favor dun partido ou doutro pero si o é recomendar que cada persoa exerza o seu dereito ao voto tendo presente o que os candidatos/as fixeron ,ou pretenden facer, en favor da igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade.

Pero non hai que esquecer, ao mesmo tempo, as dificultades que aínda seguen existindo para que unha persoa con discapacidade poida exercer o seu dereito ao voto en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, sen discriminación.

Moitas persoas con mobilidade reducida non poden acceder á sede da súa mesa electoral por mor das barreiras arquitectónicas existentes, ou máis ben pola designación dese espazo inaccesible como apto para acoller unha mesa electoral.

E non é unha solución o de baixar a urna de votos ata o coche ou a beirarrúa onde se atopa a persoa que non pode acceder ao local porque sería un trato diferente, discriminatorio. Non serven comentarios do tipo “xa baixamos a urna, que non nos custa nada” que se escoitan dos membros da mesa electoral que, con boa vontade, intentan darlle solución á persoa.



Non. Calquera persoa ten o dereito de acceder ao local electoral nas mesmas condicións, coñecer a todos os membros da mesa así como a interventores/as e apoderados/as dos diferentes partidos, consultar todas as opcións políticas que se presentan e entregar o seu voto ao presidente/a da mesa para que o introduza na urna.

Financiado por: 

Campaña captación fondos

A redución das axudas recibidas por parte da Xunta de Galicia e doutras administracións públicas provocan, ou poden provocar a curto prazo, certas dificultades para que Amizade poida seguir desenvolvendo o seu traballo con normalidade.

Faise preciso buscar fontes de financiamento privado que reduzan a dependencia que a entidade ten nestes momentos das axudas públicas. É por isto polo que se plantexa solicitar axuda económica a diferentes empresas privadas da comarca de Pontevedra, ás que se lle enviaron escritos e se solicitaron xuntanzas cos responsables para transmitirlle a necesidade de colaborar coa función social que desenvolve Amizade.

Amizade xa conta coa colaboración de varias empresas, algunha delas desde hai anos, que mostran o seu compromiso social ao facer as súas aportacións e colaboracións coa asociación. Pode verse de que empresas se trata no apartado de “outros colaboradores”, que se inclúe na web da asociación.

8 de Marzo: Día Internacional da Muller Traballadora

O 8 de marzo de 2011, Día Internacional da Muller Traballadora, ven marcado por un contexto de grave crise económica. Este contexto dá lexitimidade ás distintas administracións e gobernos para aprobar medidas como as Reformas laboral e das pensións, que non teñen outra xustificación que respostar ás demandas da banca e o gran capital (únicos culpables da actual crise económica), recurtando e atentando contra os dereitos sociais e laborais do conxunto da poboación, colocando ás persoas máis vulnerables (entre elas, as mulleres con discapacidade) nunha situación de maior vulnerabilidade.

Este novo contexto provocará sen dúbida un aumento na feminización da pobreza existente xa con anterioridade á crise, e dificultará aínda máis que as mulleres poidan acceder ao mundo laboral, a condicións laborais e a pensións dignas, xa que atrasar a idade de xubilación e alargar o período para o cálculo de pensións dificulta o acceso e reduce a contía por mor da precariedade laboral que levan asociada (temporalidade, contratos parciais e por horas, traballo non remunerado, longos períodos de inactividade ata que acadan contratos estables, etc.), ou ben por interrupcións ou diminucións da cotización, derivadas de situacións como a maternidade e conciliación (excedencias, reducións de xornada, etc).

Ademais, neste 8 de marzo as mulleres continuamos a ter, nas chamadas “sociedades desenvolvidas”, dificultades no acceso ao mundo laboral, para promocionar laboralmente, para acceder a postos directivos na empresa, para compaxinar a xornada laboral e doméstica e de coidado, para acceder a traballos tradicionalmente masculinizados e un longo etcétera. Se ben é certo que algo se avanzou nesta materia, tamén é ben certo que aínda fica moito camiño por percorrer. Esta celebración, nesta data, non debe facernos esquecer ningún dos demais días do ano a necesidade imperiosa de acadar a igualdade “efectiva e real” entre xéneros para poder avanzar como sociedade.

por Helena Cabral

Gabriela Brimmer



Poetisa e escritora. Naceu en México en 1947 cunha parálise cerebral que lle impedía calquer movemento ou expresión, agás o seu pé esquerdo.

Gaby era filla dunha acaudalada familia de europeos xudíos, refuxiada en México trala persecución nazi.

Gabriela accedeu a toda a súa educación, incluída a universitaria (cursou as carreiras de Socioloxía e Xornalismo). A súa comunicación cos demais a realizaba co dedo gordo do pé sobre unha máquina de escribir, que acorde aos seus tempos bautizou como “Che”.

En 1979 publica o seu primeiro libro, a súa biografía, e seguidamente, en 1980 saen publicados os seus libros de poemas e cartas. Pouco despois escribe os contos de mulleres, que teñen un denominador común que é a soedade e a falta de alternativas.

Foi así como pouco a pouco, esta muller foi chamada para dar conferencias, asistir a congresos, crear obradoiros de lectura, propoñer guións de cine, ... ser tema para unha película de Hollywood (“Gaby, unha historia verdadeira”).

En 1989 Gaby fundou unha organización de persoas con discapacidade coñecida coma a Asociación para os dereitos das persoas con alteracións motoras, e en 1995, o Goberno da cidade de México otorgoulle a medalla ao Mérito Cidadán.

Gabriela Brimmer muller de loita, entrega e paixón é para moitos/as un exemplo de vida que trascendeu, é unha proba máis de que as necesidades especiais non limitan nin os sentimentos, nin a intelectualidade de cada ser.

Nas súas verbas, “algo que me serviu moito ao longo da miña existencia, é ser consciente das cousas que podo facer e das que non, por exemplo, sei que non podo correr, mais co meu pensamento podo voar en fracción de segundos ao máis distante dos lugares, que teño dificultades para falar, mais os meus libros, as miñas cartas e as miñas poesías falan moito por mín, as miñas mans tal vez non poidan facer unha caricia e sen embargo souben amar como muller, como nai e como amiga”.

En xaneiro do ano 2000, faleceu como ela desexou “quero morrer nun día de inverno gris, feo e frío, para non ter a tentación de seguir vivindo”...



A relación de Sinda con Amizade

Comecei a miña relación con Amizade, grazas a unha persoa marabillosa, e digo marabillosa porque ela foi a que me achegou ata aquí, e dende ese intre todo cambiou para min.

Son unha persoa con discapacidade dende fai uns poucos anos, pero antes de chegar a esta situación, eu tiña un traballo, era moi independente e tamén moi alegre, todo isto cambiou cando me dixeron que xa non podería seguir desempeñando a miña labor por motivos de saúde, dende ese momento volvinme triste e apagada e comecei a quedar sempre soa na miña casa como se xa non servise para mais nada.

Entón faláronme de COGAMI, unha entidade onde asesoran as persoas con discapacidade, da diversidade de cousas que podemos facer, un día animeime e fun ata alí, fixéronme unha entrevista e apunteime para varios cursos que me interesaban.

Así cheguei ata Amizade, onde fixen un curso de informática no que, eu, que non sabía nada do tema, aprendín moitísimo, dende aquí doulle as grazas o meu profesor Antonio, pola súa paciencia comigo.

Fai pouco rematei de facer outro curso, esta vez de Recepcionísta-Telefonísta, no que o finalizar o mesmo, quedei a facer as practicas no centro. Teño que agradecerlles, que me desen a oportunidade de levar a cabo todo o que aprendín durante o curso, especialmente a Helena, que foi a que estivo comigo día a día axudándome en todo momento, tamén a Paulo, o seu presidente, que aínda que con el non tiven tanta relación, fíxome sentir coma unha mais deles simplemente cun sorriso.

Creo que a labor de Amizade é importantísima, tanto a nivel humano, como tamén a nivel laboral, de cara a o futuro das persoas con discapacidade. Persoalmente, tamén teño que dicir, que en Amizade coñecín persoas as que xamais esqueceréi, e agora sei que ter unha discapacidade non e ningún impedimento para facer todo o que me propoña.



Aproveito tamén para pedir as entidades que corresponda, que por favor lles asignen mais axudas para que poidan seguir desempeñando un traballo do que nos beneficiamos todos.

Moitas grazas de corazón, contade comigo sempre para o que precisedes.

por Sinda Fraga

Asemblea Xeral de Amizade

Como cada ano, neste 2011 Amizade celebrará a súa Asemblea Xeral Ordinaria na que a Xunta Directiva dará conta do resultado económico que a asociación tivo no exercicio do 2010 e do informe das actividades realizadas, así como propondrá o programa de actividades e o orzamento para o ano 2011.

A asemblea xeral é o máximo órgano de dirección da asociación e onde se teñen que tomar as decisións máis importantes que guían a actuación da xunta directiva en cada exercicio. É o lugar onde os socios e socias poden recibir toda a información da asociación e opinar sobre o que se fixo e sobre o que se quere facer; onde se poden pedir explicacións e facer propostas, e onde todos os socios/as teñen voz e voto.

Este ano ademais ten que producirse a elección dunha nova Xunta Directiva da entidade (ao rematar a actual os catro anos de vixencia do seu mandato) que se encargue da xestión diaria da asociación ao longo de cada ano.

A celebración está prevista para o sábado día 30 de abril, no Pazo de cultura de Pontevedra, onde despois da asemblea terá lugar un xantar. Enviarase a correspondente convocatoria nos días previos pero xa queremos aproveitar a ocasión para animar a todos os socios e socias a que participen da asemblea, e do xantar posterior.

Xornada Técnica de Accesibilidade

O Concello de Pontevedra organiza o vindeiro 5 de abril, no Pazo de Cultura, en horario matinal, unha xornada técnica de accesibilidade na que se presentarán diversas experiencias profesionais no ámbito do Deseño Universal así como se contará coa participación de persoas con discapacidade.

Unha xornada de interese para os profesionais do deseño e a arquitectura, así como para estudantes e poboación xeral, que poderán coñecer de primeira man como uns espazos ben deseñados e ben construídos poden contribuir decisivamente a lograr a igualdade de oportunidades de todas as persoas.

Visita á Exposición “O bosque. Moito máis que Madeira”

O día 16 de febreiro varios/as socios/as de Amizade visitamos a exposición que organizou Obra Social Fundación “La Caixa” en colaboración co Concello de Pontevedra.

A exposición itinerante que estivo ubicada na Praza de España en Pontevedra, presentaba os bosques como os ecosistemas terrestres con máis diversidade do mundo. O obxecto da exposición non era outro que resaltar a importancia dos bosques a todos os niveis e na necesidade de xestionalos de xeito sostenible.



Centro de Día para persoas con discapacidade física

Xa no 2009 COGAMI comezou as xestións encamiñadas a poñer en funcionamento un centro de día para persoas con grande discapacidade física nas instalacións que ata o momento se viñan empregando como Centro de Atención Integral a persoas con discapacidade. As accións empregadas culminaron coa homologación e a posta en funcionamento do Centro de Día nos primeiros meses do ano 2011. O Centro terá un funcionamento de luns a venres en horario de 10:00 a 17:30h e está homologado para 20 prazas, aínda que comezará cun número menor de usuarios/as.

O Centro de Día é un equipamento especializado de atención diúrna destinado a proporcionar unha atención integral e coidado ás persoas con discapacidade con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia, que polas súas características necesitan dun apoio persoal para realizar as actividades básicas da vida diaria e dunha rehabilitación continua e específica, tanto dende o punto de vista psíquico como físico, para mellorar as súas capacidades e promover a súa autonomía persoal. Así pois, o fin é conseguir o máximo desenvolvemento das súas capacidades e das súas posibilidades de integración social.

A aposta de COGAMI por ofrecer este servizo responde a unha necesidade detectada grazas á demanda existente na comarca e a ausencia de recursos similares.

Aínda que a xestión directa do Centro de Día correrá a cargo de COGAMI, todas as socias/os de Amizade poderán beneficiarse indirectamente das actividades que o centro realice xa que será posible unha certa convivencia entre os usuarios/as do Centro de Día e os demais socios/as de Amizade. Deste xeito, os socios/as de Amizade poderán ter acceso ao monitor de informática, á monitora de formación, ao servizo de ocio, ao psicólogo ou á fisioterapia.

Todos os socios/as de Amizade que queiran facer uso dos servizos do Centro de Día deberán poñerse en contacto coa asociación para estudar as posibilidades existentes en cada momento en canto a espazo e horarios de cada un dos servizos.

Celebración do Entroido no Centro de Día

Durante varios días, os usuarios/as do Centro de Día traballaron as orixes do Entroido, os disfraces típicos, simboloxía, festas típicas por localidades, postres, etc.

E o venres de Entroido, 11 de marzo, foron visitar a botica do Ravachol e coñeceron máis de preto esta lenda e festa tradicional que se celebra na cidade de Pontevedra.



Novos horarios das actividades de Amizade

Facémosvos un resumo das que xa estábamos a desenvolver e das que darán comezo a partir de mediados do mes de marzo. Se algunha persoa está interesada que consulte disponibilidad:

Natación Terapéutica. Luns e Mércores en horario de 11:45–12:30. Nas instalacións de Campolongo.

Obradoiro Prelaboral de Habilidades Manuais: Luns e Mércores en horario de 17:30 a 20:00.

Obradoiro de Autonomía e Habilidades Sociais: Martes en horario de 10:30 a 12:30.

Introducción ao Deseño Gráfico: PhotoShop. Mércores de 10:00 a 12:00 e Venres de 11:00 a 13:00.

Actividades lúdicas e culturais: Todos os venres en horario de 11:00 a 14:00.

Aula Libre de Novas Tecnoloxías: Luns, Martes e Xoves de 08:30 a 11:30.

Fisioterapia e Ximnasia preventiva: Consultar días e horarios.

Colectores de lixo accesibles en Pontevedra

As queixas plantexadas desde a asociación Amizade por non contar na cidade con colectores de lixo accesibles foron finalmente tidas en conta polo concello á hora de incorporar novas unidades de colectores.



Trátase dun modelo que conta con tres posibilidades para depositar o lixo: pódese facer do xeito tradicional pola parte superior (conta cun pedal que facilita o levantamento da tapa), ou a través dunha apertura que ten a propia tapa, ou ben a través doutra apertura situada na parte frontal do colector, a unha altura de ao redor de un metro. Conta ademais coa sinalización en braille da palabra "orgánico", que permite ás persoas con discapacidade visual saber de que colector se trata (o modelo foi testado pola ONCE).

Durante o mes de marzo distribuiranse estes colectores por tres rutas de recollida lateral (Monte Porreiro, O Burgo e Mollavao), constituíndo aproximadamente o 30% do total dos colectores destas tres rutas.

Existe o compromiso do concello de continuar adquirindo colectores accesibles co horizonte de que a medio prazo todos os colectores de lixo existentes na cidade poidan ser utilizados comodamente por calquera persoa.

Desde a asociación Amizade prestaremos especial atención a que esta iniciativa se prolongue no tempo e non constitúa un feito illado.